



## Presentación da Manifestación

### “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”

FERROL domingo 26 de Novembro

Convocada pola coordinadora local “Vento Mareiro”

A mobilización partirá do peirao de Curuxeiras ás 12:30 h

Ferrol, 22 de Novembro 2023.

**As cidades e o rural loitamos xuntas contra a depredación enerxética da Terra e do Mar:**

Tras as mobilizacións de setembro do ano pasado n [A Coruña](#), xaneiro e maio deste ano en [Vigo](#) e [Lugo](#), seguindo o ronsel de [Foi polo Vento](#), [Veu polo Aire](#) e [Un Vento Vén](#), o 26 de novembro un [Vento Mareiro](#) percorrerá as rúas de Ferrol sumándose á rede de cidades galegas que loitan contra a depredación enerxética da Terra e do Mar, e secundada a día de hoxe por [case un cento](#) de organizacións e colectivos.

A mobilización ven precedida de charlas, intervencións na rúa, nos peiraos e as praias, **actos divulgativos e festivos que tiveron lugar en Ferrol, Coruña, Lugo e Ponte Caldelas** ó longo dos últimos cinco meses (adxuntamos imaxes).

Dende o colectivo local Vento Mareiro queremos facer un **chamado á cidadanía para visibilizar a oposición social crecente, tanto nas áreas rurais como urbanas, á proliferación masiva de polígonos industriais eólicos imposta pola Xunta de Galicia e o Goberno do Estado.**

A **INVASIÓN EÓLICA** que padecemos non é unha transición ecolóxica, é a **destrución dos ecosistemas mariños e terrestres que permiten a vida** dos pobos pesqueiros e do mundo rural galego, só para beneficio das grandes empresas do oligopolio enerxético e especuladores estranxeiros.

Galiza xa produce máis enerxía renovable que a que consome, polo que calquera nova instalación de polígonos industriais eólicos só é para enriquecemento destas empresas vendendo a enerxía fóra, afondando no modelo de espolio colonial da nosa Terra. Máis **Eólica NON**.

Dende o punto de vista enerxético, este modelo de macrorenovables é absolutamente ineficaz, debido ás perdas enerxéticas entre os lugares de produción e os de consumo. Tampouco é rendible **sen grandes investimentos públicos**, tanto en axudas directas ás empresas -que pagamos toda a cidadanía-, como na ampliación da rede de alta tensión que pagaremos a través da factura da luz. **Sufriremos os impactos dos polígonos eólicos e pagaremos máis cara a luz.**

**Non é sustentable instalar polígonos eólicos sobre os caladoiros tradicionais da pesca, sobre as rutas migratorias das aves mariñas, sobre os montes que alimentan os acuíferos, sobre as terras**

**agrarias, sobre os ecosistemas** que a Xunta se nega a protexer bloqueando a ampliación da Rede Natura. Están a roubarnos un futuro verdadeiramente sustentable e pretenden maquillar o seu espolio a modo de **BURLA VERDE**.

Denunciamos o apoio das **administracións públicas que legislan a medida dos intereses destas empresas, inflando a burbulla especulativa e entorpecendo os dereitos da veciñanza á información e participación nas decisións que afectan directamente á súa calidade de vida, á súa dignidade**. Dereitos que o **TSXG recoñeceu foron vulnerados en numerosos casos**, como os da veciñanza de Amil que defende o Monte Acibal e os seus petróglifos das voladuras de Norvento.

Trala paralización de varios proxectos polo TSXG **denunciamos a campaña de acoso á independencia deste tribunal por parte da patronal eólica co apoio cómplice dalgúns sectores da clase política**, determinados **medios de comunicación e sindicatos** máis ocupados en defender os intereses da patronal que os das clases populares.

Sabemos que a invasión eólica agudizará os problemas de **despoboamento e destrución de emprego** en vilas, aldeas e cidades. En Ferrol sabemos ben das falsas promesas de emprego industrial de macroproxectos como o porto exterior e Reganosa, que só trouxeron a destrución do 80 % da produtividade marisqueira da ría.

Ante o recente anuncio da Xunta da creación da sociedade mixta público – privada “Recursos Galicia”, encamiñada a derivar cartos do erario público a negocios enerxéticos e mineiros, berramos alto e claro o noso **rexeitamento ao modelo de depredación extractivista**, tanto se é en beneficio de capital estranxeiro como do pretendidamente galego.

Galiza non se vende.

**Esiximos** á inmediata **paralización dos proxectos en curso e avogamos por un modelo enerxético transparente, xusto e descentralizado, en mans públicas, enfocado nas necesidades locais, potenciando as comunidades enerxéticas e reducindo o consumo**. Unha economía local baseada nos coidados das persoas e dos ecosistemas.

**Defender a Terra e o Mar é defender a Vida, ... defender a Vida é Autodefensa.**

Fronte á depredación da mafia eólica seguiremos medrando e estendendo esta rede de solidariedade na defensa da Vida, por vilas, cidades e aldeas.

**GRAZAS**

Máis información:

[ventomareiro2023@gmail.com](mailto:ventomareiro2023@gmail.com)

**626219497 (Fernando)**